

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN BANCOS NATURAIS

ANTECEDENTES

1. O 24.04.2025 a Asociación de Produtores de Mexillón de Galicia presenta un escrito no que solicita a modificación do período para a extracción de semente de mexillón en bancos naturais de Galicia. No escrito xustifican esta petición nas circunstancias extraordinarias consistentes nos últimos temporais e condicións meteorolóxicas adversas que limitaron a capacidade de captación de cría.
2. O 25.04.2025, solicítase informe ás asociacións profesionais do sector do mexillón; remitindo contestación as seguintes entidades: Asociación de Mejilloneros Profesionales "A Marxa", "Asmecruz" Sociedad Cooperativa Gallega, Asociación de Mexilloneiros da Illa de Arousa, Asociación Mexiloeira do Barbanza, Asociación de Produtores Mejilloneros "San Saturnino", Asociación de Produtores de Mexillón "Ansuiña", "Aimex", "Asmecruz" Sociedade Cooperativa, Federación de Asociacións de Mexilloeiros "Femex", Asociación de Miticultores de Galicia "Mitigal", e "Socomgal". Todas as asociacións informaron favorablemente.
3. O 30.04.2025, o subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura emiten informe no que, en síntese, indican que cómpre ampliar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ata o 31.05.2025, cunha serie de limitacións en canto ás zonas de extracción.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.





2. Por Orde do 26 de outubro do 2000 régúase a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, fixando no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohíbe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.

3. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a dirección territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados.

4. A Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, establece no seu artigo 2: *"Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2025-2027 para a explotación sustentable do percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A. Os plans de xestión de percebe que inclúen zonas de reserva para a extracción da semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, así como as coordenadas xeográficas das mesmas, se relacionan no cadro B."*

Estas zonas pódense consultar na páxina web de Pesca de Galicia: https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe

5. O subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura emiten informe o 30.04.2025 no que deixan constancia do seguinte: *"[...] Tendo en contas as xustificacións do sector en relación ao período de extracción de mexilla en bancos naturais, constátase que a dependencia dos factores climatolóxicos nos desoves do mexillón así como a limitación das zonas para a extracción de semente de mexillón en banco natural, ademais das borrascas que se sucederon este inverno, limitaron o número de días aptos para a realización desta actividade.* (https://www.meteogalicia.gal/observacion/informesclima/informesIndex.action?request_locale=es).*"*

Por outra parte, resultan relevantes os resultados dos informes de recontos larvários feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións mariñas (CIMA) – que se poden consultar en: https://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx. [...]"

Por conseguinte, informan que, vistas as solicitudes achegadas e tendo en conta as posibles necesidades concretas para completar o abastecemento de semente de mexillón nalgunhas bateas, cómpre modificar o período de recolección de semente de mexillón en rocha, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre da Illas Atlánticas de Galicia, permitindo a súa extracción ata o 31.05.2025 no marco do disposto na Orde do 26 de outubro do 2000, cunha serie de limitacións en canto ás zonas de extracción.





Finalmente, deixan constancia no devandito informe do establecido no epígrafe b) do apartado 4.3.1.4. Normativa da Zona I de uso limitado do Anexo II do Decreto 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoa de Carregal e Vixán, que dispón: *"Quedan expresamente prohibidos todo tipo de aproveitamentos de recursos naturais, incluída a actividade forestal, excepto os cultivos tradicionais e aproveitamentos tradicionais de recursos mariños, que serán autorizables cando se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación"*. Por esta razón, indican que as persoas que pretendan coller semente de mexillón no ámbito do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán deberán solicitar autorización ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na Coruña.

De acordo coa disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 esta Dirección Territorial é competente para ditar esta resolución.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial de competencia desta dirección territorial, establecendo como período de extracción o comprendido entre o 1 de maio e o 31 de maio de 2025, entre as 7:00 e as 20:00 horas; respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.

Deberán respectarse as zonas de explotación exclusiva de percebe relacionadas na Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, así como, no seu caso, nas resolucións polas que se adopten medidas de adaptación do plan de xestión de percebe.

2. Non autorizar a modificación do período de extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.





3. As declaracións de semente de mexillón poderán ser realizadas mediante a aplicación MOVVIC, que se pode descargar, no seguinte enlace: <https://www.pescadegalicia.gal/gl/movtic-sectorial>.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

A directora territorial

PA (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

